

FOLIÓN DE CARROS



O Folión de Carros é a nosa festa máis senlleira. Forma parte do noso patrimonio cultural e tamén é Festa de Interese Turístico e Ben de Interese Cultural (BIC).

É unha celebración excepcional, a única con estruturas construídas sobre **carros tirados por xugadas de vacas e bois** que permanece no calendario festivo de toda Galicia. Ten **orixe descoñecida** e está amplamente documentada como “tradicional” na **prensa histórica dos séculos XIX e XX**.

Crianzas e adultos representan escenas antigas da vida social.

O Folión que se pode ver hoxe en día foi imaxinado por milleiros de mozos e mozas do noso municipio durante décadas. Quen participa nalgunha edición nunca máis o esquece. Quedan **poucos lugares no mundo** onde existan desfiles de carros nos que **crianzas e adultos** representan escenas da vida social que xa non existen na súa comunidade, pero que si **foron vividas polos respectivos avós e bisavós**.



_prensa histórica

Diario de Lugo | 4 de xuño de 1881

«Velaquí as funcións en honra ao glorioso San Antonio de Padua, que se celebrarán os días 18, 19 e 20 do vindeiro mes de Xuño na vila de Chantada: [...] dará principio o *folión*, populares vésperas, que consisten en percorrer as rúas

multitude de carros simbolizando as distintas industrias e oficios do país, acompañados do xentío, que alumará o traxecto con innumerables fachos e farois, concluíndo ás doce».

El Norte de Galicia | 26 de agosto de 1910

«Unha procesión de carros adornados con moito gusto, percorreron as rúas, precedidos das colectividades musicais ditas. O tradicional folión ten neste pobo e comarcas próximas moitos devotos; é

unha representación das industrias, oficios e artes da localidade. O desfile tivo lugar na Praza de Santa Ana».

La Comarca | 30 de xullo de 1914

«Ás dez, o tradicional folión, único pola súa magnificencia, en toda a rexión galega, pois constitúe un primoroso espectáculo,

por concorrer a el, gran número de carrozas engalanadas e simbolizándose nela os oficios e industrias do país».

La Voz del Agro | 11 de agosto de 1929

«Ás dez da noite percorrerá as rúas o tradicional folión composto por carros alegóricos compostos polos diferentes oficios do país, o que comezará na Alameda seguido polas rúas de Río, Principal, Mercado,

Comercio, Oriente, Leonardo Rodríguez e Praza de Santa Ana, na que rematará e acto seguido haberá un baile amenizado pola citada banda de música».

El Progreso | 22 de agosto de 1970

«Chantada. (Do noso correspondente ANXEL). Chantada celebra as súas Festas de Agosto con tradición de séculos e con persistencia de mellora; pero o que xamais pode esquecer é o seu típico Folión de Carros, que é o seu mellor presente e ha de coidar sempre como fillo predilecto porque esta estampa soamente se pode presenciar na nosa vila».



El Progreso, 1970 ▶

Terminada la novena, dará principio el *folión*, populares vésperas, que consisten en recorrer las calles multitud de carros simbolizando las distintas industrias y oficios del país, acompañados de la muchedumbre, que alumbrará el trayecto con innumerables antorchas y faroles, concluyéndose a las doce. La torre estará también iluminada, ofreciendo un aspecto deslumbrador.
Segundo día.—Desde las primeras horas de la mañana, la música y gaitas saludarán con la *Alborada* a los habitantes y forasteros, difundiendo por todas partes la animación y la alegría.

Diario de Lugo, 1881

Os trintas, que tocaren por segunda vez en este pobo tiveron una ovación.
Y por la noche, después de la novena, todo el mundo al folión.
Una procesión de carros adornados con mucho gusto, recorrieron las calles, precedidos de las colectividades musicales ditas.
El tradicional folión tiene en este pobo y comarcas próximas muchos devotos; es una representación de las industrias, oficios y artes de la localidad.
El desfile tuvo lugar en la plazuela de Santa Ana. Blandióse allí culto a

El Norte de Galicia, 1910

A las diez
El tradicional folión
único, por su magnificencia, en toda la región gallega, pues constituye un primoroso espectáculo, por concurrir a él gran número de carrozas engalanadas y simbolizándose en ellas los oficios e industrias del país.
En el transcurso de este festejo y a su terminación se elevarán al espacio globos de variadas y grotescas figuras y se dispararán profusión de voladores, morteros y fuegos de artística lucería.

La Comarca, 1914

Día 24.—A las doce, el repique de campanas y el estruendo de cohetes y bombas anunciarán el comienzo de los festejos, celebrándose seguidamente en la Plaza de la Constitución un concierto musical por la renombrada banda de música de esta villa.
A las diez de la noche recorrerá las calles el tradicional *Folión* compuesto de carros alegóricos con los diversos oficios del país, el que comenzará en la Alameda seguida por las calles del Río, Principal, Mercado, Comercio, Oriente, Leonardo Rodríguez y Plazuela de Santa Ana, en la que terminará y acto seguido habrá un baile amenizado por la citada banda de música.

La Voz del Agro, 1929

#vivirolfolion

_contacto

foliondecarros.com ✉ amigosdofolion@gmail.com

_siguenos



_máis información



#vivirolfolion
chantada



FOLIÓN DE CARROS

BiC
Ben
de interese
Cultural



CHANTADA
capital do carro

ROBERTONOVO.COM



#vivirofolión
chantada



**CONCELLO
DE CHANTADA**
de Galicia
corazondegalia.org